

PREMIOS DÍA DO LIBRO/LETRAS GALEGAS

CONVOCATORIA CONCURSO POESÍA E MICRORRELATOS ENTRE OS PROFESIONAIS DA ÁREA SANITARIAS DE FERROL

OBXECTO DO CONCURSO

Con motivo da celebración do Día do Libro, 23 de abril, e o día das Letras Galegas, 17 de maio, a **Biblioteca da Área Sanitaria de Ferrol**, organiza un concurso de **Poesía e Microrrelatos** dirixido a tódalas persoas teñan ou tiveran algún vínculo laboral coa Área Sanitaria de Ferrol.

QUEN PODE PARTICIPAR?

Tódolos profesionais da Área Sanitaria de Ferrol que estean ou estiveran desenvolvendo a súa actividade en calquera dos Centros de Saúde, PACs e centros hospitalarios adscritos a ela, incluídas as empresas externas vinculadas a ela.

CATEGORÍAS

Poesía

Microrrelatos

COMO PARTICIPAR?

- Cada obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que se enviará cada obra nun sobre pechado, indicando no seu exterior: **Concurso polo Día do Libro-Letras Galegas 2023**; a categoría á que se presenta (Poesía ou Microrrelato); o título da obra ou o seu lema; así como o pseudónimo da persoa que sexa a autora da obra, e conterá no seu interior outro sobre coa documentación seguinte:

- Copia do documento de identidade.

- A dirección, un teléfono de contacto, e un enderezo de correo electrónico.
- Unha declaración de que a obra non fora publicada nin premiada ata a data de presentación.
- Declaración responsable que manifieste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Estes datos serán utilizados unicamente para a identificación das persoas gañadoras, e non se gardarán en ningún ficheiro electrónico con posterioridade, procedéndose á súa eliminación. Os participantes permitirán o uso dos seus nomes a efectos de publicidade ou exposición das obras.
- As obras presentadas serán escritas en lingua galega, en formato DinA4, fonte Arial 12, dobre espazo.
- A extensión das obras será como máximo de 180 palabras para ámbalas dúas categorías.
- O número máximo de obras por participante será de 2. É dicir: unha poesía e un microrrelato; ou dúas poesías; ou dous microrrelatos. Cada obra levará un pseudónimo diferente.

TEMA CENTRAL DO CONCURSO

A temática é libre.

COMO SE AVALIARÁN OS TRABALLOS?

Os traballos avaliaranse de acordo aos seguintes criterios:

1. Creatividade

2. Mensaxe que aporta
3. Orixinalidade

Seleccionarase un traballo finalista para cada unha das modalidades.

ONDE SE ENTREGAN OS TRABALLOS?

O persoal da Biblioteca recollerá os sobres remitidos, de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.

DATAS

A **data límite** para o envío dos traballos é o día **luns 15 de maio ás 15.00 h.**

A entrega de premios realizarase na semana de celebración do Día das Letras Galegas, **o venres 19 de maio.**

COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado será presidido polo subdirector de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía e estará composto por:

- Juan M. González Lorenzo (Subdirector de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía)
- Amanda Gómez Costa (de ADECASFE Asociación Deportivo Cultural da Área Sanitaria de Ferrol)
- Ana Suárez Castro (de ADECASFE Asociación Deportivo Cultural da Área Sanitaria de Ferrol)
- Cruz Sabio Teijeiro, gañadora do concurso de poesía no 2022
- Lucía Díaz Riola, gañadora de concurso de microrrelato no 2022

A decisión do xurado será inapelable.

PREMIOS

Establecerase un premio para cada unha das categorías.

Serán dous lotes de libros.

A entrega de premios realizarase na semana de celebración do Día das Letras Galegas nun acto que se celebrará no Salón de Actos do Hospital Arquitecto Marcide.

As persoas que resulten gañadoras e as persoas participantes serán convocadas ao acto de entrega de premios que se celebrará **o día 19 de maio** no Salón de Actos do Hospital Arquitecto Marcide.

PROPIEDAD DOS TRABALLOS

As persoas participantes manterán os seus dereitos de propiedade intelectual sobre as obras, aínda que autorizan a cesión dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación en favor da Área Sanitaria de Ferrol unicamente durante o tempo da exposición.

Os traballos recibidos poderán ser expostos durante un mes na Área Sanitaria de Ferrol e exhibiranse de xeito individualizado na Intranet.

Rematada a exposición as persoas que así o desexen poderán retirar a súa obra.